



Escalada en Mauritania

Thembegith



3cumios.com



Canón de Thembegith

Nado en 2022 por iniciativa de tres amigos apaixonados pola escalada — Manuel Vieitez, José Segovia e Claudio Salmeri — Thembegith representa o primeiro sector de escalada deportiva desenvolvido en Mauritania.

Tras numerosas conversas coa poboación local, o proxecto foi medrando pouco a pouco ata converterse nun lugar de encontro entre aventura, deporte e descuberta do deserto do Adrar.

A iniciativa contou tamén co apoio da asociación 3 Cumios (3cumios.com) e do Club de Escalada Buxan, contribuíndo con material, equipamento e apoio social para a comunidade local.



Como chegar



O sector de escalada de Thembegith atópase a algo máis de 400 km de Nouakchott, en dirección nordeste cara á rexión do Adrar.

O acceso principal realízase pola estrada de Atar. Despois de pasar o cruce de Tergit, é necesario desviarse cara á estrada de Aoujeft. Aproximadamente 7 km despois da entrada de Tergit aparece unha pista á esquerda que conduce ata o oasis de Mhaireth.

Desde este punto, a pista atravesa paisaxes desérticas e pequenos relevos rochosos durante uns 30 minutos ata alcanzar o poboado.

O canón de Thembegith atópase ao sur do oasis, nas coordenadas:

20°13'23.20"N – 13°00'00.01"W

É imprescindible o acceso en vehículo 4x4.

Unha paisaxe única



A guelta de Mhareith

O sector atópase na rexión do Adrar, aproximadamente a 2 km ao sur do oasis de Mhareith, dentro dun antigo cauce fluvial seco coñecido como o canón de Thembegith.

A contorna combina grandes paredes de arenisca modeladas pola erosión, oasis escondidos, gueltas naturais e numerosas pinturas rupestres aínda sen catalogar.


Moi preto do sector poden visitarse:

A guelta de Mhareith

O oasis de Tergit

Diversas zonas con arte rupestre sahariana

A noite no canón ofrece un dos ceos estrelados máis impresionantes do Adrar.



O té, a identidade nacional



Oasis de Tergit



Pinturas Rupestres

Xeoloxía do canón

O sector de escalada divídese principalmente en dúas paredes:

Pared Oeste

Con vías de ata 30 metros e sombra durante a mañá.

Pared Este

De aproximadamente 15 metros e sombra durante a tarde.

As paredes de Thembegith están formadas por areniscas cuarcíticas e xistos negros pertencentes ao Grupo de Atar, dentro do gran bassin de Taoudeni. Estas formacións rochosas, de idade neoproterozoica (entre 890 e 775 millóns de anos), orixináronse a partir de antigos depósitos mariños pouco profundos e sedimentos ricos en materia orgánica.

A escalada en Thembegith caracterízase por unha gran variedade de estilos e movementos. Algunhas vías destacan polas fisuras e empotres, outras por grandes presas e movementos atléticos, mentres que certas liñas requiren equilibrio, precisión e técnica de placa.

A rocha presenta características moi particulares debido á erosión eólica do deserto. Os primeiros metros adoitan ser máis pulidos e pouco adherentes, mentres que en altura a textura vólvese progresivamente máis rugosa e compacta.

É habitual que pequenas regletas e buratos acumulen area cando as vías pasan tempo sen escalarse, polo que as primeiras ascensións da tempada adoitan requiren unha lixeira limpeza.



Pared Este

Pared Oeste

CANON DE TEMBEHGIT

Pared Oeste

Altura 30m

- 1 - Inchallah la luna_6a
- 2 - El descanso del té_6b+
- 3 - Mariem Hassan_6b
- 4 - A de Anne_6a
- 5 - MMM_6b
- 6- Santos (Le professeur)_6a
- 7- La fiesta de los viejos_V
- 8 -Le Canon du Sil_ 7a
- 9 - From USA to Galicia_6b

(100m a droite)

Foto: Manuel Vieitez

1

2

3

4

5

6

7

8



CANON DE TEMBEHGIT

Pared Este

Altura 15m

- 10 - Ahmed Cori_6a+
- 11 - Bloque falso_V
- 12 - Hussein_IV
- 13 - Granada_6b+
- 14 - Isto é un teito_7a+/7b

Foto: Manuel Vieitez




Pared Este

Altura 15m

- 10 - Ahmed Cori_6b
- 11 - Bloque falso_V
- 12 - Hussein_IV
- 13 - Granada_6b+
- 14 - Isto é un teito_7a+/7b

Foto: Manuel Vieitez



Información práctica

O clima desértico obriga a tomar certas precaucións. Durante gran parte do ano as temperaturas son moi elevadas entre as 12h e as 16h, polo que se recomenda escalar cedo pola mañá ou ao final da tarde.

Recomendacións

- Levar un mínimo de 4 litros de auga por persoa.
- Protección solar e roupa lixeira.
- Botiquín básico.
- Extremar as precaucións: o lugar é moi illado e calquera asistencia médica especializada atópase a varias horas de distancia.

Aloxamento

No oasis de Mhairerth existen actualmente dous albergues con habitacións, comida, electricidade e pequena piscina:

Albergue TOUL (Djedu)

+222 46 73 00 22

Albergue Thembegith (Ahmed)

+222 47 70 45 10

⚠ Atención durante a tempada de choivas (xullo–setembro)

O canón pode rexistrar enchentes repentinas e fortes avenidas de auga.

Recoméndase evitar acampar ou durmir nas zonas baixas do canón durante períodos de inestabilidade meteorolóxica.

